

DOSSIER DE PRENSA

CONCERTOS

VIGO 2008



Tenencia
de Alcaldía
Concello de Vigo



Concellería
de Cultura
e Animación
Sociocultural
Concello de Vigo

CALENDARIO

- 29 de maio: **LENNY KRAVITZ**
- 27 de xuño: **BOB DYLAN**
- 23 de xullo: **ROGER HODGSON**
- 30 de xullo: **RUBÉN BLADES**
- 2 e 3 agosto: **FESTIVAL CREAMFIELDS:**
THE QUEMICAL BROTHERS
VITALIC LIVE
ALEXANDER KOWALSKI LIVE



PROGRAMACIÓN

CONCERTOS NO IFEVI

■ LENNY KRAVITZ

Data	29 de maio
Hora:	22 horas
Venda de entradas:	Caixanova
Prezo da entrada:	35 euros
Número de entradas á venda:	10.000

■ BOB DYLAN

Data:	27 de xuño
Hora:	22 horas
Venda de entradas:	Caixanova
Prezo da entrada:	35 euros
Número de entradas á venda:	10.000



■ CREAMFIELDS

Data:	2 e 3 de agosto
Hora:	18-06 horas
Venda de entradas:	Tick Tack Ticket, 902 488 488 www.entradas.com
Prezo da entrada:	35 euros ata o 30 de abril 45 euros do 1 de maio ao 15 de xullo
Número de entradas á venda:	25.000

CONCERTOS EN CASTRELOS

■ ROGER HODGSON

Data: 23 de xullo

■ RUBÉN BLADES

Data: 30 de xullo



LENNY KRAVITZ

Un dos músicos de rock máis importantes do panorama musical actual, con influencias do soul, o rock e o funk dos anos sesenta e setenta, naceu en Nova Iorque en 1964. A súa irrupción no mercado mundial produciuse en 1989, cando editou "Let love rule", un traballo que acadou o primeiro posto nas listas de venda en Estados Unidos. Dous anos despois, coa publicación de "Mama said" confirmou o seu éxito no rock actual.

Do 1999 ao 2002 gañou catro veces consecutivas os Premios Grammy, establecendo o récord do artista que máis veces gañou na categoría de "Mellor actuación de rock vogal masculino" e representando un dos tramos de recoñecemento de máis éxito para calquera músico na historia da cerimonia dos premios.




O seu último traballo, "It is time for a love revolution", chega despois do disco editado no 2004 "Baptism", co fixera a última xira na península.

“It is time for a love revolution” está integrado por catorce novas cancións, compostas, producidas e arranxadas persoalmente por Lenny Kravitz. Escrito e gravado en distintas localizacións dende Nova Iorque a Miami, París, as Bahamas e Brasil inclúe temas de amor e revolución espiritual co que volve a ofrecer a súa persoal visión do rock clásico aderezado de ritmos negros como o funk, o soul e o jazz.

As estimacións das súas vendas de discos a nivel mundial rondan os vinte millóns de discos, polo que está situado na 93ª posición entre os cen máis grandes artistas do hard Rock de VH1.

Ademais do seu concerto en Vigo, o día 29 de maio, está previsto que Lenny Kravitz actúe tamén nas cidades de Bilbao (5 de xullo), Barcelona (8 de xullo) e Madrid (6 de xullo, no marco do Rock in Rio Madrid Festival).



Discografía:

2008: *It is time for a love revolution*

2004: *Babtist*

2001: *Lenny*

2000: *Greatest hits*


1998: *5*

1995: *Circus*

1993: *Are yo gonna go my way*

1991: *Mama said*

1989: *Let love rule*



Tenencia
de Alcaldía
Concello de Vigo



Concellería
de Cultura
e Animación
Sociocultural
Concello de Vigo

BOB DYLAN

Músico, cantautor e poeta, naceu en [Duluth, Minnesota](#), en 1941. Ten sido, durante cinco décadas, unha das máis importantes figuras da música contemporánea e un dos compositores e músicos máis influíntes e prolíficos do [século XX](#). O seu máis recente disco, "[Modern Times](#)", lanzado o [29 de agosto de 2006](#), fixo que Dylan se convertise, aos 65 anos, no cantante solista máis veterano da historia. Posteriormente, a revista [Rolling Stone](#) o considerou [El Album del Año](#).

Moitos dos máis célebres traballos de Dylan datan da década dos sesenta, cando se converteu nun cronista informal e crítico dos conflitos estadounidenses. Algunhas das súas cancións, como "[Blowin' in the Wind](#)" e "[The Times They Are a-Changin'](#)", foron considerados himnos antibélicos e dos movementos civís daquela época.



As primeiras letras das súas cancións contiñan temas sociais, filosóficos e influencia literaria, desafiando á música pop convencional existente e apelando á contracultura daquel tempo. Ao tempo que personalizaba diversos estilos musicais, mostraba unha firme devoción polas tradicións da música americana, o [folk](#), o jazz, o [country](#), o [blues](#), o [gospel](#), o [rock](#), así como a música folk [inglesa](#), [escocesa](#) e [irlandesa](#).

Na actualidade, Dylan é recoñecido e honrado polas súas composicións,

interpretacións e gravacións. Cos seus discos ten acadado [Grammys](#), [Globos](#)

de Oro e premios da Academia, e ten sido incluído no Salón de la Fama del Rock and Roll, o Salón de la Fama de Compositores de Nashville e o Salón de la Fama de los Compositores.



No ano 1999 foi incluído na lista das *100 personas más influyentes del siglo XX* da revista TIME e no 2004 acadou os primeiros postos da The Greatest Artists of All Time da revista Rolling Stone. Ademais, no ano 2000 gañou o Premio de Música Polar da Real Academia Sueca de Música; ten sido nomeado varias veces ao Premio Nobel de Literatura, acadou un Oscar pola canción "Things Have Changed" da banda sonora da película Jóvenes prodigiosos, e no ano 2007 foille otorgado o premio Príncipe de Asturias das Artes.



Discografía:

Discos gravados en estudio:

2006: *Modern Times*

2001: [Love and Theft](#)

1997: *Time out of mind*

1993: [World gone wrong](#)

1992: [Good as I been to you](#)

1990: [Under the red sky](#)

1989: *Oh merci*

1988: [Down in the groove](#)

1986: [Knocked out loaded](#)



1985: [Empire burlesque](#)

1983: [Infidels](#)

1981: [Shot of love](#)

1980: *Saved*

1979: [Slow train coming](#)

1978: [Street legal](#)

1976: *Desire*

1975: [The basement tapes](#)

1975: [Blood on the tracks](#)

1974: [Planet waves](#)

1973: [Dylan](#)

1973: [Pat Garrett & Billy the Kid](#)

1970: [New morning](#)

1970: [Self Portrait](#)

1969: [Nashville skyline](#)

1967: [John Wesley Harding](#)

- 1966: [Blonde on Blonde](#)
- 1965: [Highway 61 Revisited](#)
- 1965: [Bringing It All Back Home](#)
- 1964: [Another side of Bob Dylan](#)
- 1964: [The times they are a-changin'](#)
- 1963: [The Freewheelin' Bob Dylan](#)
- 1962: *Bob Dylan*

Álbumes recopilatorios

- 2007: *Dylan*
- 2005: [The Bootleg Series Vol. 7: No Direction Home: The Soundtrack](#)
- 2004: [The Bootleg Series Vol. 6: Bob Dylan Live 1964, Concert at Philharmonic Hall](#)
- 2002: [The Bootleg Series Vol. 5: Bob Dylan Live 1975, The Rolling Thunder Revue](#)
- 1998: [The Bootleg Series Vol. 4: Bob Dylan Live 1966, The "Royal Albert Hall" Concert](#)
- 1994: [Bob Dylan's Greatest Hits Volume 3](#)
- 1991: [The Bootleg Series Volumes 1-3 \(Rare & Unreleased\) 1961-1991](#)
- 1985: [Biograph](#)
- 1978: [Masterpieces](#)
- 1971: [Bob Dylan's Greatest Hits Vol. II](#)
- 1970: [Bob Dylan's Greatest Hits](#)



Álbumes en directo:

2005: [Live at Carnegie Hall 1963](#)

2005: [Live at Carnegie Hall 1962](#)

1995: [MTV Unplugged](#)

1993: *The 30th Anniversary Concert Celebration*

1984: [Real Live](#)

1979: [Bob Dylan at Budokan](#)

1976: [Hard Rain](#)

1974: [Before the Flood](#)



Tenencia
de Alcaldía
Concello de Vigo



Concellería
de Cultura
e Animación
Sociocultural
Concello de Vigo

CREAMFIELDS

O festival de música electrónica CREAMFIELDS naceu en Liverpool en 1998, baixo o selo do mítico club Cream. Dende o ano 2000 o concepto do festival exportouse a numerosos países cun gran éxito. Pola súa difusión global, trátase do evento de música electrónica máis importante a nivel mundial.

Na actualidade, as súas actividades realízanse en países tan dispares como Arxentina, Australia, Grecia, Eslovaquia, Polonia, Sudáfrica, Turquía e Xapón, entre outros. Nos últimos cinco anos, máis de tres millóns de persoas participaron nas diversas convocatorias en todo o mundo.



Dende o ano 2004, Sinnamon Promotions organiza Creamfields Andalucía, que se celebra en agosto nas praias desta comunidade. Creamfields Andalucía é unha proposta musical innovadora que busca levar á zona de Almería, en plena tempada alta, un festival

coa mellor música electrónica internacional. Son 15 horas de programación continuada con DJs de primeiro nivel en catro escenarios, con programación simultánea con mil xornalistas acreditados en cada edición. Todas as convocatorias teñen sido un éxito, xa que participaron 22.000 persoas na primeira edición, 40.000 na segunda, 35.000 na terceira e 42.000 na cuarta.

CREAMFIELDS VIGO

O 2 de agosto do 2008, o festival Creamfields chegará a Vigo por primeira vez. Seguindo o camiño do seu homónimo no sul, o festival espera converterse nun evento de referencia no norte do país, ofrecendo as actuacións e as sesións de artistas e DJs internacionais. Así, a filosofía de Creamfields Vigo é a mesma que a de Creamfields Andalucía no que se refire á liña estilística de artistas e o concepto de festival electrónico, con espectaculares directos e vibrantes sesións, pero distinta en canto ao tipo de localización, posto que se celebrará no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), con dous escenarios, un deles cuberto. Movistar acompañaranos nesta cita, na que non faltarán os DJs e artistas máis relevantes da escena electrónica mundial.

Os artistas xa confirmados son The Quemical Brothers, Vitalic live e Alexander Kowalski live.

THE CHEMICAL BROTHERS

Tom Rowland e Ed Simons convertéronse nos "Irmáns Químicos" con *Exit Planet Dust*, un fulgurante despegue que espolvoreou de beats y bleeps o planeta indie e levou as raves aos rock-clubes. Pioneiros d electrónica de masas e reclamo infalible da escena dos clubes, The Chemical Brothers foron incorporando a súa química átomos de psicodelia, pop, folk, rock'n'roll e partículas aceleradas de hip hop, techno e acid-house nunha mezcla tan heterodoxa como efectiva. Nacidos ao abrigo da resaca Madchester e o sonido balearic, souberon tamén salpimentar os seus discos con colaboracións estelares (os irmáns Gallagher, Hope Sandoval, New Order, Bloc Party, The Magic Numbers...) cos que manteñen intactos as pontes coa escena independente.



Case quince anos despois do seu debut, gardan catro premios Grammy, o último conseguido este mesmo ano na categoría de "Mellor álbum de electrónica" por *We Are The Night*. Na actualidade enchen estadios en medio mundo co seu acertado caleidoscopio musical. Mentres preparan a banda sonora da adaptación cinematográfica de *Ecstasy* (de Irving Welsh, o autor de *Trainspotting*), Rowland e Simons pulen os directos deste verán cos que unha vez máis farán bailar ás masas a base de música de probados efectos euforizantes.

Discografía:

2007: *We are the night*

2005: [Push the button](#)

2003: *Singles 93-03*

2002: [Come with us](#)

1999: [Surrender](#)

1998: *Brothers gonna work it out*

1997: [Dig your own hole](#)

[1996](#): *Live at The Social*

1995: [Exit Planet Dust](#)



VITALIC LIVE!


Pascal Arbez xa non fai chorar a ninguén coa súa biografía fantasiada de ucráino desterrado. Desvelado o engano inicial, Pascal non tardou en conquistar os clubs de medio mundo baixo o alcume de Vitalic. Orixinario de Dijon, creceu ao carón da música clásica do pai español e das obras completas de Moroder da nai italiana, e tomou improbables clases de trombón. Do seu irresistible *Poni EP*, capaz de evocar unha salvaxe colisión entre Nirvana e Daft Punk, vendeu máis de 30.000 copias e aínda hoxe segue agretando as paredes dos clubs onde soa cos seus beats marciais.



Saltou á fama polo tema *My friend Dario* do seu álbum *Ok Cowboy*, publicado en [2005](#) e polas súas participacións en vivo xunto a [Miss Kittin](#) e [The Hacker](#) entre outros. Ten un estilo moi característico e único, con influencias do [hard-techno](#), a electrónica dos oitenta e o chamado [electroclash](#).

ALEXANDER KOWALSKI

Creceu á beira do mar Báltico, pero posteriormente mudouse cos seus pais a Berlín, cidade na que coñeceu un movemento cultural tan efervescente como atractivo para un xoven como el. Alí adquiriu seu primeiro Amiga co que comezou a súa experimentación cos sons manipulados electronicamente. A este Amiga seguiríalle unha TB303 coa que comezaría a crear os seus primeiros temas acid que pronto evolucionarían ás formas do techno máis duras, inspiradas nos traballos de xente como Joey Beltram, Steve Stoll ou Synewave.



Os seus traballos atraíron a atención dos donos do mítico Tresor berlinés, que o chamarían para pinchar antes de que ninguén puidese imaxinalo. O éxito da actuación levouno a incluír o seu primeiro tema na recopilación *Headquarters* de Tresor Records. Tras esta primeira referencia lograría publicar un maxi en Proton Records, ao que seguiría o *Brothers in Mind EP*, esta vez para Tresor, xusto antes de fichar para o selo Kanzleramt, no que publicaría *Dark Soul* e a práctica totalidade da súa discografía posterior.

ROGER HODGSON

Un dos fundadores de [Supertramp](#), grupo ao que pertenceu dende a súa formación en [1969](#) ata o ano [1983](#). *Charles Roger Pomfret Hodgson* naceu en [Portsmouth](#), ao sul de [Inglaterra](#) en 1950. Con só doce anos recibiu unha guitarra do seu pai, e pouco despois ofrece o seu primeiro concerto en [Oxford](#), con cancións propias, a excepción dun tema de [Cliff Richard](#).

Durante anos foi a voz lexendaria de Supertramp e compuxo os maiores éxitos da banda, como *Give a little bit*, *The logical song*, *Dreamer*, *Take the long way*

home, ou *It's raining again*.

Durante esta época, o grupo vendeu máis de cincuenta millóns de discos. Tras estes éxitos abandona o grupo na xira de [1983](#), durante a promoción do seu último disco, que sen dúbida tiña un significativo título, *famous last words*. Despediuse sobre o



escenario cantando precisamente *Don't leave me now*, o último tema do álbum.

Aínda que hai pouca información sobre os motivos da ruptura, parece que non estaba dacordo con feito de ter que rexistrar todas as cancións co seu nome e o de R. Davies. Nalgunha ocasión, Hodgson ten explicado que os proxectos musicais de ambos estábanse distanciando e xa non tiñan cancións nin estilos en común.

Un ano despois de abandonar Supertramp produce e realiza os arreglos do seu primeiro disco en solitario, *In the eye of the storm*, no que toca practicamente todos os instrumentos,

excepto nalgúns poucos temas. En tan só un mes foi disco de platino en Canadá. En 1987, na mesma semana que se publicaba o seu segundo disco en solitario, *Hai hai*, Roger tivo un accidente co que se rompeu as dúas mans. Pese a que os



médicos lle dixeron que non podería volver a tocar, tras un largo período de recuperación, demostrou que estaban equivocados.

Aínda así, tiveron que pasar dez anos antes de que vise a luz o seu seguinte álbum, un concerto en directo titulado *Rites of passage*, no que participou o seu fillo Andrew. Xa no 2000, Hodgson publicou *Open the door*, o seu primeiro disco gravado en estudo en catorce anos.

RUBÉN BLADES

O [cantautor](#), [músico](#), [actor](#), [avogado](#) e [político panameño](#) ten desenvolvido a maior parte da súa carreira nos [Estados Unidos](#). Dende os [anos setenta á](#) actualidade ten gravado máis de vinte álbumes e ten participado en máis de quince gravacións con varios artistas de distintos xéneros e tendencias. Como actor ten participado en diversas producións tanto de [Hollywood](#) como [independentes](#). En recoñecemento da súa labor ten recibido seis premios [Grammy](#).

Os seus inicios na música foron co selo [Alegre Records](#) e co afamado selo musical [Fania](#) de [Nova Iorque](#). As súas dotes como cantante abríronlle as portas con participacións fugaces nas bandas de [Pete Rodríguez](#), [Richie Ray](#) e [Bobby Cruz](#) e [Ray Barretto](#). Pero non foi


ata a súa asociación musical co [trombonista](#) neoiorquino [Willie Colón](#)

cando acadou un éxito firme e o recoñecemento da industria discográfica. O seu primeiro disco convertiuse nun clásico da [salsa](#), *Metiendo mano*, que foi recibido con moi boas opinións pola crítica.

Varios críticos de salsa non dubidan en afirmar que existiu un disco que

marcou un antes e un despois na traxectoria deste xénero, o álbum *Siembra*, que incluía os temas clásicos [Pedro Navaja](#), *Plástico*, *Buscando guayaba* e *Siembra*. Incluso o músico e crítico de salsa [peruano](#) [Luís Delgado Aparicio](#) afirma que este disco é un hito no desenvolvemento musical do [século XX](#). A

década dos setenta péchase con dous álbumes como solista: *El que la hace la*



paga e Mucho mejor.

Xa nos oitenta, Blades inicia outra etapa fructífera na súa carreira artística ao unirse ao grupo Seis del Solar, que posteriormente cambiaría o seu nome a



Son del Solar. Nos anos noventa compaxina a súa traxectoria musical coa política. No ano [1994](#) participou nas eleccións presidenciais de Panamá, nas que quedou en terceiro lugar, co 20 por cento dos votos, de entre máis dunha ducia de candidatos. No [2004](#) Blades apoiou a candidatura presidencial de [Martín Torrijos](#), fillo do ex dictador Omar Torrijos, e unha vez que Martín Torrijos gañou as eleccións, Blades aceptou o cargo de Ministro de Turismo de Panamá. A última parte da discografía de Rubén Blades reflexa un cantante máis

maduro e coa capacidade de experimentar novas fusiós e novos xéneros. O disco *La rosa de los vientos* inclúe música panameña que Blades ofrece como homenaxe ao seu país. E aínda que *Tiempos e Mundo*, afastáronse da salsa, foron premiados pola súa calidade interpretativa.

No 2007, Baldes iniciou unha etapa interactiva, amosándose próximo á xente nun programa via [Podcast](#) chamado El Sohow de Rubén Blades SDBR, realizado en Panamá, e no que fai comentarios sobre novas bandas e resposta ás preguntas dos internautas.